



Concello de Xinzo de Limia

DECRETO ELEVACIÓN A DEFINITIVA DA BAREMACIÓN DE MÉRITOS E PUNTUACIÓN TOTAL. PROPOSTA DE CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVO/A OBRADOIRO DE EMPREGO DO PEREGRINO XINZO DE LIMIA E SANDIÁS 2024-2025.

Visto o Decreto de data 26/11/2025, polo que se aprobou a listaxe definitiva de admitidos e excluídos, a puntuación definitiva da fase de entrevista e a puntuación provisional de méritos dos candidatos/a a administrativo/a do obradoiro de emprego.

Vista acta do grupo de traballo de data 28/11/2024 na que se admite unha subsanación de méritos e se recollen as puntuacións definitivas da baremación de méritos e a puntuación total.

RESOLVO

1) Elevar a definitiva a puntuación provisional do baremo de méritos obxectivos así como a conseguinte puntuación total segundo consta na listaxe asinada polo tribunal/ grupo de traballo.

2) Aprobar a proposta de aspirantes seleccionados.

3) Indicar á aspirante seleccionada que deben achegar, no prazo dun día hábil, a contar dende o día da publicación deste decreto, a seguinte documentación, no caso de non tela aportado previamente:

- a) Fotocopia do documento nacional de identidade en vigor ou documento que proceda.
- b) Declaración xurada de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios da Comunidade Autónoma, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non ter sido inhabilitado/a, ou en situación equivalente, nin haber sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente, que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- c) Declaración xurada de non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- d) Informe ou certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o normal exercicio das funcións correspondentes á praza á que se opta.
- e) Fotocopia da cartilla da Seguridade Social.
- f) Indicación do número de conta bancaria.
- g) Tarxeta da Oficina de Emprego como demandante de emprego ou ben como mellora de emprego.

4) Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Xinzo de Limia e do Concello de Sandiás, indicando que o réxime de recursos é o seguinte:

“RECURSOS: *Contra a presente resolución, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante a Alcaldía de este Concello, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á publicación da presente notificación colectiva, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á publicación da presente notificación colectiva, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-*





Concello de Xunzo de Limia

Administrativa. Si optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio.”

6) Notificar o presente acordo o Concello de Sandiás, a Oficina de emprego de Xunzo de Limia e a Consellería de Emprego.

7) Dar conta da presente resolución ó Plenario municipal.”

Documento asinado electrónicamente





RESULTADO DEFINITIVO DA ENTREVISTA E DA BAREMACIÓN DOS ASPIRANTES PARA UN/UNHA PRAZA DE ADMINISTRATIVO/A DO OBRADOIRO DE EMPREGO DO PEREGRINO, PROMOVIDO POLO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA EN COLABORACIÓN CO CONCELLO DE SANDIÁS

Primeiro. Durante o prazo outorgado para realizar subsanacións e alegacións, unicamente presenta documentación o aspirante don José Francisco Santana Doval.

A subsanación de méritos é admisible segundo as bases que refiren o seguinte “*Outorgarase un prazo de un (1) día hábil para presentar alegacións e subsanacións a puntuación provisional de méritos de valoración obxectiva.*”

O aspirante José Francisco Santana Doval presentara como mérito a acreditación de experiencia a cal non foi tida en conta na baremación provisional polo Tribunal por considerar que non se correspondía coas funcións da praza. Nembargantes no prazo outorgado para realizar subsanacións, o aspirante presenta certificado acreditativo de que no desemprego do seu traballo realizou funcións correspondentes a un técnico administrativo.

Polo anterior o grupo de traballo considera que debe aceptarse a subsanación presentada e proceder a puntuar o citado mérito de acordo o establecido no baremo de méritos para o posto de administrativo (base 9.D.b.2).

Segundo. A continuación, véxase a puntuación definitiva da entrevista e da valoración de méritos:

APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN ENTREVISTA	PUNTUACIÓN BAREMACIÓN	PUNTUACIÓN TOTAL
ÁLVAREZ VASALLO, MARÍA AURORA	2,00	0,55	2,55
ÁLVAREZ VISPO, MONSERRAT	2,67	3,75	6,42
ANTÚNEZ LOURENCO, SELENE	1,83	0,40	2,23
CRESPO RODRÍGUEZ, ESPERANZA	2,50	2,85	5,35
DOMÍNGUEZ RODRÍGUEZ, JAVIER	2,17	0,00	2,17
FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, JUAN CARLOS	2,33	5,10	7,43
FERRARO MARADEI, VERÓNICA CECILIA	2,33	2,75	5,08
GONZÁLEZ GONZÁLEZ, MARÍA BELÉN	3,00	2,00	5,00
GRANDE VELO, LAURA	5,13	8,40	13,53
JUSTO VILLAR, MANUEL	2,00	0,50	2,50
NOGUEIRA POUSADA, PAULA	3,00	0,40	3,40
OGEA CONDE, CONCEPCIÓN	3,00	1,00	4,00
PARADA RODRÍGUEZ, ÓSCAR	3,50	5,90	9,40
PÉREZ PÉREZ, ANA BELÉN	2,00	5,40	7,40





PORTAS MARTÍNEZ, MANUEL	2,00	0,55	2,55
SABURIDO GIL, MARÍA AVELINA	1,00	0,00	1,00
SANTANA DOVAL, JOSÉ FRANCISCO	4,83	5,90	10,73

Terceiro. Á vista das puntuacións definitivas, elévase a alcaldía a seguinte proposta de contratación por parte do grupo de traballo:

ADMINISTRATIVA

LAURA GRANDE VELO

Cuarto. Listaxe de reserva administrativos:

LISTAXE DE RESERVA

1. JOSÉ FRANCISCO SANTANA DOVAL
2. ÓSCAR PARADA RODRÍGUEZ
3. JUAN CARLOS FERNÁNDEZ GONZÁLEZ
4. ANA BELÉN PÉREZ PÉREZ
5. MONSERRAT ÁLVAREZ VISPO
6. ESPERANZA CRESPO RODRÍGUEZ
7. VERÓNICA CECILIA FERRARO MARADEL
8. MARÍA BELÉN GONZÁLEZ GONZÁLEZ
9. CONCEPCIÓN OGEA CONDE
10. PAULA NOGUEIRA POUSADA

Non sendo outro o obxecto desta xuntanza, asinan a presente, en proba de conformidade, os membros da comisión de selección.

Presidente

Secretaria

Vogais

Asesor

